



CONCELLOS

BURELA

Anuncio

EXPEDIENTES 2201/2024 E 2202/2024 EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. SETEMBRO 2024.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2024 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.650,84 €, correspondendo 975,37 € a libre concorrencia e 8.675,47 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 18 de novembro de 2024.- A Alcaldesa - Presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 3700

CASTRO DE REI

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA

APROBACIÓN OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2024 NO CONCELLO DE CASTRO DE REI. Expte 253/2024

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Vista a Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Presupostos Generales do Estado para o ano 2023.

Visto que no artigo 20. Dous. 2 recolle o seguinte:

"2. Las Administraciones Públicas deberán tener en cuenta las plazas de personal interino por vacante y personal laboral temporal por vacante nombradas en el año 2023.

En todo caso, las vacantes ocupadas por este personal deberán incluirse en la Oferta de Empleo Público correspondiente al ejercicio en que se produce su nombramiento y, si no fuera posible, en la siguiente, salvo que se decida su amortización.”

En virtude do artigo 21.1,g da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a oferta de emprego público para o ano 2024, co número de prazas de persoal funcionario que se relacionan:

-1 praza de Auxiliar Administrativo da Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar C2.

-1 praza de Conserxe-Limpador do CEIP Veleiro Docampo, da Escala de Administración Xeral, Subescala Subalterna AP.

Segundo.- O presente acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Terceiro.- A execución desta oferta de emprego público deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

Castro de Rei, 13 de novembro de 2024.- Alcalde-Presidente, D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3701

Anuncio

DECRETO DA ALCALDÍA

CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE CASTRO DE REI.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei (Lugo).

Finalizado o proceso selectivo para o ingreso en prazas incluídas na OEP extraordinaria do ano 2022 do Concello de Castro de Rei, Taxa Adicional de Estabilización de Emprego Temporal (Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), para ocupar as prazas denominadas:

-1 AUXILIAR BIBLIOTECA TRAPERO PARDO

-1 CONSERXE LIMPADOR/A CEIP RAMÓN FALCÓN

-1 LIMPADOR/A CENTRO SAÚDE

-1 CONDUTOR/A TRACTOR

-3 PEÓNS/AS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

Vista a proposta de contratación do Tribunal de data de 6 de novembro de 2024, publicada o día 8 de novembro de 2024 no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello.

Vista a proposta do tribunal respecto da praza de limpador centro de saúde que sinala literalmente:

*“Vistas as cualificacións finais definitivas, e dado que a única persoa aspirante que participa no proceso selectivo non alcanza a puntuación mínima de 15 puntos necesaria para superar o concurso (base sétima), o Tribunal propón deixar deserta a praza de **LIMPADOR/A CENTRO SAÚDE**, motivando a decisión en que non hai ningún aspirante que supere o proceso selectivo.”*

Cumpridos os requisitos e condicións esixidos nas Bases da convocatoria, aprobadas por Decreto de Alcaldía número 713/2022, de cinco de decembro de 2022 e por Decreto de Alcaldía número 714/2022, de cinco de decembro de 2022.

De acordo co disposto no artigo 11 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e o artigo 63 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, e co artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLVO:

Primeiro.- Realizar a contratación do cadro de persoal laboral fixo do concello de Castro de Rei de:

- Dª. Irene Fernández López, con DNI ***5812**, na praza de auxiliar biblioteca Trapero Pardo, grupo C-subgrupo C2.
- Dª. Sandra Corbelle Ferreiro, con DNI ***4041**, na praza de conserxe limpadora no CEIP Ramón Falcón, agrupación profesional.

- D. Juan Díaz Rodríguez, con DNI ***4856**, na praza de condutor tractor, agrupación profesional.
- D. Alfonso Gómez Carballeira, con DNI ***4279**, na praza de peón de servizos múltiples, agrupación profesional.
- D. Miguel Rico Andión con DNI ***5140**, na praza de peón de servizos múltiples, agrupación profesional.
- D. Antonio García Fernández, con DNI ***0494**, na praza de peón de servizos múltiples, agrupación profesional.

Segundo.- Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na sede electrónica do concello e no taboleiro de anuncios da Entidade.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ás persoas interesadas, comunicándolle que deberán formalizar o contrato, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP de Lugo.

Cuarto.- Unha vez formalizado o contrato, publicar a contratación no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quinto.- Contra a presente Resolución, que pón fin a vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante o Alcalde deste Concello de Castro de Rei, de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso administrativo, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da citada Lei 29/1998. No caso de optar por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso administrativo até que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.

Castro de Rei, 15 de novembro de 2024.- Alcalde-Presidente, D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3702

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN REGULAMENTO ORGANICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte. 111/2016

Sendo aprobado inicialmente a modificación do “Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Guitiriz” por acordo adoptado na sesión plenaria ordinaria de data 26/09/2024, e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública sen presentarse alegacións contra este, elévase a definitiva a aprobación inicial e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, entrando en vigor dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra esta disposición administrativa de carácter xeral non caberá recurso en vía administrativa, de acordo co artigo 112.3 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se ben se poderá impugnar directamente diante da xurisdicción contencioso-administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 46 en relación co 10.1.b), ambos os dous da Lei 29/1998, do 23 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, contra o presente acordo, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Poderán, así mesmo, interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

O texto íntegro da modificación do regulamento aprobado con carácter definitivo é o seguinte:

<< Artigo 62: Intervencións dos/as membros da Corporación Municipal -Pregunta, co seguinte teor literal:

Pregunta: é calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os/as membros da Corporación, ou os Grupos Municipais a través das súas Portavocías tanto ao Alcalde ou Alcaldesa, como aos concelleiros e concelleiras que ostenten delegacións xerais ou especiais. Os concelleiros e concelleiras poderán delegar si así o desexan a resposta no Alcalde ou Alcaldesa ou no seu caso no Voceiro ou Voceira do Grupo Municipal correspondente. As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a

preguntado/a queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. Así como regra xeral, as preguntas serán presentadas por escrito como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente, e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta na sesión inmediata. Non se admitirán preguntas sobre o exclusivo interese de quen a formula ou de calquera persoa singularizada ou as que supoñan consultas de índole estritamente xurídico, técnico ou económico. Na quenda de contestación ás preguntas non caberá ningunha intervención adicional á do/a preguntado/a, polo que non haberá lugar a debate algún. Poderanse presentar como máximo 10 preguntas por grupo municipal e sesión.>>

Guitiriz, 18 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3703

Anuncio

Oferta Empleo Público 2024 do Concello de Guitiriz.

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 13/11/2024 ditouse o seguinte acordo en relación á Oferta de Empleo Público do ano 2024 do Concello de Guitiriz:

Aprobar a Oferta de Empleo Público deste Concello para o ano 2024 que contén os seguintes postos de traballo de persoal que deberá convocarse no prazo máximo de 3 anos:

Oferta ordinaria:

PERSONAL LABORAL FIXO:

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	CÓDIGOS	ACCESO	SISTEMA SELECCIÓN
Peón de brigada verde ficha 24	2	77 E 78	Libre	Concurso-oposición\ Oposición libre

PERSONAL FUNCIONARIO:

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	CÓDIGOS	ACCESO	SISTEMA SELECCIÓN
Administrativo/, ficha 7	1	7	Libre	Concurso-oposición Oposición Libre

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 18 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3704

OUIROL

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD COMO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DE OUIROL DE UNHA PRAZA DE LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL) (OEP 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL)

Por Decreto de Alcaldía nº 2024-0489 de data de 20/11/2024 apróbese a contratación como persoal laboral fixo deste concello dunha praza de Limpador/a (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupacións Profesionais AP, xornada parcial (50 %), correspondente a Oferta de Empleo Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, sendo o texto íntegro do mesmo o seguinte:

“Vista a oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Ourol de 2022 para a estabilización de emprego temporal aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día dez de maio de dous mil vintedous e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 113, do 19/05/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 267/2022 de aprobación das Bases Xerais que rexerán xunto coas Bases Específicas as convocatorias dos procesos selectivos excepcionais correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Ourol incluídas na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 280 de 09/12/2022.

Vista a Resolución de Alcaldía nº 269/2022, de aprobación da convocatoria excepcional e das Bases Específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira/persoal laboral fixo no Concello de Ourol de vintedúas (22) prazas denominadas: Arquitecto/a Municipal (1) - Traballador/a Social (1) - Educador/a Familiar (1) - Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir B) (1) - Conductor/a Tractorista Desbrozador - Oficial 3ª (1) - Conductor/a de Camión - Oficial 1ª (1) - Enxeñeiro/a de Montes (1) - Encargado/a de Instalacións Municipais (1) - Técnico/a de Servizos Xerais (1) - Animador/a Sociocultural (1) - Promotor/a de Turismo (1) - Bibliotecario/a (1) - Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada completa) (3) - Auxiliar de Axuda a Domicilio (xornada parcial) (1) - Auxiliar de Axuda a domicilio (xornada parcial - fins de semana e festivos) (1) - Limpador/a de Edificios Municipais (xornada parcial) (1) - Limpador/a (xornada parcial) (1) - Axente de Emprego e Desenvolvemento local / Técnico de emprego (1) - Fisioterapeuta (1) - Operario/a de Servizos Municipais (con carné de conducir C) (1), prazas incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), polo sistema de concurso, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo número 280 de 09/12/2022.

Visto que no Boletín Oficial do Estado (BOE) número 307 de 23/12/2022 publicouse a resolución de 12 de decembro de 2022 do Concello de Ourol referente á convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL)” como persoal laboral fixo.

Visto que en data 20/06/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0212 de aprobación da listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, xornada parcial (50 %), polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Ourol para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose o anuncio no BOP de Lugo nº 146 de 25/06/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol.

Visto que en data 11/07/2024 ditouse pola Alcaldía resolución nº 2024-0248 de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e composición do tribunal cualificador ao respecto do proceso selectivo convocado para o ingreso como persoal laboral fixo de unha praza de LIMPADOR/A (XORNADA PARCIAL), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, xornada parcial (50 %), polo sistema de concurso, incluída na oferta extraordinaria de emprego público (OEP) do Concello de Ourol para o ano 2022 para a estabilización de emprego temporal, publicándose o anuncio no BOP de Lugo nº 165 de 17/07/2024, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol.

Visto que en data 11/10/2024 publicouse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourol as cualificacións finais provisionais da valoración de méritos así como o prazo de alegacións establecido na base xeral undécima de tres (3) días hábiles, resultando como se sinala a continuación:

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	CUALIFICACION FINAL PROVISIONAL
GONÇALVES DA SILVA MARIA	30,00	0,00	30,00
GUIMAREY GÓMEZ VANESA	2,52	0,00	2,52
MOREIRAS SANCHEZ MARIA JOSE	2,10	6,70	8,80
RODRÍGUEZ IGLESIAS MILAGROS	0,42	20,00	20,42

Vista a alegación presentada por Dona Vanesa Guimarey Gómez de data de 16/10/2024 e número de rexistro de entrada 1788 no Concello de Ourol contra os resultados provisionais de valoración de méritos.

A cualificación final provisional considérase definitiva motivándose a decisión en que o Tribunal Cualificador, en sesión celebrada o 22/10/2024 desestimou a alegación presentada por Dona Vanesa Guimarey Gómez, ratificándose nos resultados publicados, quedando como segue a continuación:

Nº	APELIDOS E NOME	CUALIFICACION TOTAL FINAL
1	GONÇALVES DA SILVA MARÍA	30,00
2	RODRÍGUEZ IGLESIAS MILAGROS	20,42
3	MOREIRAS SÁNCHEZ MARÍA JOSÉ (*)	8,80
4	GUIMAREY GÓMEZ VANESA (*)	2,52

(*) As persoas aspirantes co nº de orde 3 Dona María José Moreiras Sánchez e co nº 4 Dona Vanesa Guimarey Gómez non superan a puntuación mínima de 15 puntos establecida na base novena - sistema de selección para superar o concurso polo que quedan eliminadas do proceso selectivo.

Visto que en data de 11/10/2024 o Tribunal cualificador elabora a seguinte relación provisional de persoa seleccionada (Base xeral undécima) a favor de Dona María Gonçalves da Silva, considerándose definitiva en data de 04/11/2024, así mesmo, nesta mesma data o Tribunal Cualificador para asegurar a cobertura da vacante, elabora a lista provisional da orde de persoas non propostas que superaron o concurso que a continuación se relacionan considerándose definitiva en data de 04/11/2024.

ORDE DE PERSOAS PARA ASEGURAR VACANTES	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN FINAL
1	RODRÍGUEZ IGLESIAS MILAGROS	20,42

Visto que a persoa proposta polo Tribunal para ocupar a praza que se convoca Dona María Gonçalves da Silva presentou en prazo (base decimo terceira) escrito no Rexistro Xeral do Concello de data de 5 de novembro de 2024 (nº de rexistro de entrada 1900 de data de 06/11/2024 polo que RENUNCIA a praza de limpadora (xornada parcial), taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 8ª, la Lei 20/2021, do 28 de decembro) por incompatibilidade para poder tomar posesión de outra praza no mesmo concello de limpadora de edificios municipais (xornada competa) (Resolución de Alcaldía 2024-460 de data 07/11/2024).

Visto que a persoa proposta polo Tribunal para asegurar vacantes Milagros Rodríguez Iglesias provista de DNI nº ***4706** acepta ocupar en propiedade a praza de limpador/a (xornada parcial), o Tribunal Cualificador propón a alcaldía que se resolva o procedemento selectivo contratando a Dona Milagros Rodríguez Iglesias para ocupar a praza denominada Limpador/a (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, xornada parcial (50 %), do cadro de persoal laboral do Concello de Ourel, convocada pola cota xeral, adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a (xornada parcial) vinculado á citada praza.

Visto que a persoa candidata proposta e interesada, de conformidade co establecido na base decimo terceira, achegou para a formalización do seu contrato a documentación esixida nas bases xerais e específicas no prazo establecido.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Aceptar a proposta do Tribunal Cualificador a favor de Dona Milagros Rodríguez Iglesias para ocupar en propiedade a praza de Limpador/a (xornada parcial), logo da renuncia da persoa inicialmente proposta para dita praza.

Segundo.- Proceder a contratación como persoal laboral fixo de este concello, trala superación do procedemento selectivo convocado a favor de Dona Milagros Rodríguez Iglesias, con DNI nº ***4706** para ocupar a praza denominada Limpador/a (xornada parcial), grupo/subgrupo Agrupación Profesional AP, xornada parcial (50 %), do cadro de persoal laboral fixo deste concello, correspondente a Oferta de Emprego Público do ano 2022, (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro) adxudicándolle o posto de traballo denominado Limpador/a (xornada parcial) vinculado á citada praza.

Terceiro.- Para adquirir a condición de persoal laboral fixo e de acordo co previsto na Base 14, a persoa seleccionada deberá formalizar o seu contrato no prazo máximo de un mes dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Ordear a publicación da resolución desta contratación no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Ourel.

Quinto.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas, e dar conta da mesma no primeiro pleno ordinario que se celebre.

Sexto.- Contra a resolución da Alcaldía poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da publicación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPACAP), e o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que consideran oportuno.

O que mando e asino en Oourol, na data de sinatura electrónica á marxe de 20 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba. A Secretaria, María Jesús Mosquera Carregal”

Oourol, 20 de novembro de 2024.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3705

OUTEIRO DE REI

Anuncio

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei aprobou en data 8 de agosto de 2024, de forma inicial, o Regulamento interno do servizo da piscina municipal.

Aprobado inicialmente, foi sometido a información pública no BOP de Lugo e no taboleiro de anuncios do concello por período de 30 días sen terse presentado alegacións.

Por este motivo elévase a definitivo o texto, que será publicado no BOP de Lugo íntegro, a efectos da súa entrada en vigor.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA PISCINA MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

CAPÍTULO PRIMEIRO

DISPOSICIÓN XERAIS

Art.1 Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular o funcionamento e réxime de utilización das piscinas ao aire libre (e as súas dependencias complementarias) que forman parte das instalacións deportivas denominadas ‘Piscinas públicas e Centro BTT’ do Concello de Outeiro de Rei, así dependa a súa xestión do propio Concello ou da entidade autorizada correspondente, dando cumprimento ao establecido no *Artigo 14. Información ao público do Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas* e ao *Artigo 18. Información ao público do Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia* nos que se establece o seguinte:

RD 742/2013. Art.14. Información ao público

O titular da piscina poñerá ao dispor dos usuarios nun lugar accesible e facilmente visible, polo menos, a seguinte información:

- a) Os resultados dos últimos controis realizados (inicial, rutina ou xornal), sinalando o vaso ao que se refiren e a data e hora da toma de mostra. Estas análises expoñeranse ao público en canto o titular da piscina obteña os resultados.*
- b) Información sobre situacións de incumprimento do anexo I ou II/II, as medidas correctoras así como as recomendacións sanitarias para os usuarios no caso de que houbese un risco para a saúde.*
- c) Material divulgativo sobre prevención de ahogamientos, traumatismos cranioencefálicos e lesións medulares. No caso das piscinas non cubertas ademais dispoñerá de material sobre protección solar.*
- d) Información sobre as substancias químicas e mesturas utilizadas no tratamento.*
- e) Información sobre a existencia ou non de socorrista e as direccións e teléfonos dos centros sanitarios máis próximos e de emerxencias.*
- f) As normas de utilización da piscina e dereitos e deberes para os usuarios da mesma.*

D119/2019. Art.18. Información ao público

Ademais do esixido en o artigo 14 do Real decreto 742/2013, do 27 de setembro, relativo á información ao público, a persoa titular da piscina terá ao dispor das persoas usuarias un regulamento de réxime interno coas normas de utilización da piscina, e incluírá, como mínimo, as seguintes prescricións:

- a) O aforo de cada vaso da instalación.*
- b) A obrigaón de respectar en todo momento as indicacións do persoal socorrista.*

- c) A obrigación de ducharse antes da inmersión na auga dos vasos.
- d) A obrigación de usar calzado de baño persoal nas zonas de pés descalzos.
- e) A prohibición da entrada na zona de baño con calzado de rúa.
- f) A prohibición de correr polo bordo do vaso.
- g) A prohibición da entrada na zona de baño de persoas con enfermidades infecto-contaxiosas.
- h) A prohibición da entrada de animais nas instalacións, excepto cans guía.
- i) A prohibición para comer, beber e fumar na zona de praia reservada ás persoas usuarias da piscina.
- j) A prohibición de abandonar desperdicios dentro do recinto da instalación.
- k) O consello do uso do gorro de baño nas piscinas cubertas.

Art.2 Identificación

PISCINAS MUNICIPAIS E CENTRO BTT DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

Rúa Un nº 1, Santa Isabel. 27150, Outeiro de Rei, Lugo.

Refírese o presente regulamento ás piscinas ao aire libre que forman parte das instalacións deportivas denominadas 'Piscinas públicas e Centro BTT' do Concello de Outeiro de Rei así como ás dependencias complementarias para o seu uso (vestiarios, aseos e enfermería).

Artigo 3. Normativa e ámbito de aplicación

Serán de obrigado cumprimento:

- *Decreto 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia*
- *Real Decreto 742/2013, do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas*

A efectos de aplicación da presente normativa considéranse incluídos calquera edificio, recinto ou estancia da piscina municipal e centro btt, incluíndo aquelas zonas anexas ou complementarias que sexan funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade prevista sexan ou non xestionadas directamente polo Concello de Outeiro de Rei.

Artigo 4. Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público

Segundo o *Artigo 4 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais* son bens de servizo público os destinados directamente ao cumprimento de fins públicos de responsabilidade das Entidades Locais, tales como Casas dos concellos, Palacios Provinciais e, en xeral, edificios que sexan das mesmas, matadoiros, mercados, lonxas, hospitais, hospicios, museos, montes catalogados, escolas, cemiterios, elementos de transporte, piscinas e campos de deporte, e, en xeral, calquera outros bens directamente destinados á prestación de servizos públicos ou administrativos.

Artigo 5. Obxectivos

Os obxectivos do Concello de Outeiro de Rei na xestión das piscinas e o centro BTT da súa titularidade son:

- *Promover o acceso de todos os cidadáns, sen ningún tipo de discriminación nin límite de idade, á práctica de actividades saudables no tempo de lecer.*
- *Promocionar as actividades deportivas entre a poboación, facilitando o acceso de todos os cidadáns mediante a disposición das propias instalacións así como dos espazos ou equipamentos anexas que complementan e facilitan, en condicións de seguridade, o exercicio das actividades deportivas; enténdese, vestiarios, aseos, enfermería, etc.*

Artigo 6. Condicións técnico-sanitarias

O establecemento e regulación das normas que regulan a calidade hixiénico-sanitaria da piscina municipal corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a través do DECRETO 119/2019, do 19 de setembro, polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios de as piscinas de Galicia.

O persoal responsable do servizo de socorrismo deberá dispoñer de titulación suficiente en materia de salvamento e socorrismo acuático e solicitar a súa inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia segundo o *DECRETO 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e créase e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia*, que indica que para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente rexistro profesional de socorristas acuáticos de Galicia.

CAPÍTULO SEGUNDO

NORMAS DE ACCESO E FUNCIONAMENTO

Artigo 7. Horario e calendario de apertura

PISCINA AO AIRE LIBRE

Período anual de apertura ao público: meses de xullo e agosto de cada ano, podendo prorrogarse ou adiantarse a tempada ás quincenas inmediatamente anterior ou posterior segundo decisión da autoridade local competente.

Horario de apertura: de luns a domingo de 12.00 h a 20.00 h., podendo variar en función da dispoñibilidade de socorristas.

Artigo 8. Condicións xerais

As piscinas ao aire libre atópanse ao dispor de todos os cidadáns que, previa obtención da condición de usuario, pretendan o seu uso lúdico e de carácter colectivo.

O acceso ás piscinas ao aire libre pode realizarse mediante os seguintes procedementos:

- a) Adquisición de entradas ou bonos, nas súas diferentes modalidades, segundo o establecido na Ordenanza non fiscal reguladora de prezos públicos deste Concello, reguladora do prezo público da piscina e instalacións análogas, previo pago do seu importe, que será aprobado pola xunta de goberno local.

As entradas ou abonos adquiriranse da seguinte maneira e con arranxo á seguinte listaxe de prezos e condicións:

ENTRADAS DIARIAS

Existirán entradas de validez diaria, que se adquirirán diariamente.

Establecerase un prezo reducido para persoas empadroadas no municipio que será aprobado e revisado anualmente.

Para beneficiarse da tarifa reducida para empadroados será necesario presentar o DNI ou certificado de empadramento e unha fotografía para a súa adquisición.

Poderanse adquirir bonos para toda a tempada por prezo establecido co que poderán acceder ás instalacións todos as persoas rexistradas no devandito bono.

O portador do bono poderá acceder ata con dous acompañantes non empadroados ou non incluídos no bono que pagarán a cota reducida establecida para os empadroados.

O uso doutras instalacións do mesmo recinto (cafetería, centro BTT) non outorga posibilidade de acceso ao recinto da zona de baño nin ao espazo libre circundante sen a previa adquisición do abono, entrada ou sistema habilitante establecido.

O Concello resérvase a facultade de solicitar o Documento Nacional de Identidade ou calquera outro documento acreditativo da personalidade a todos os usuarios que accedan á piscina municipal.

O Concello anunciase oportunamente os pechos das instalacións, por motivos de limpeza, realización de labores de mantemento, renovación da auga dos vasos ou outras causas.

O Concello non se responsabiliza dos obxectos subtraídos ou extraviados dentro das instalacións e servizos anexos se non foron depositados expresamente nos lugares que puidesen existir habilitados para ese efecto.

Non permitirá o acceso á zona de baño, vestiarios ou aseos ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, excepto acompañantes de usuarios que, por idade ou condicións, non posúan a autonomía necesaria para o seu uso.

O acceso poderase realizar unha vez móstrese, e valide por parte do persoal encargado, o bono ou entrada diaria previamente adquirido.

Os menores de 3 anos poderán acceder de maneira gratuíta.

As persoas que se aloxen en establecementos hoteleiros do Concello de Outeiro de Rei terán a consideración de 'empadroados' a efectos de adquirir as entradas diarias ao recinto.

Calquera persoa que entre no recinto sen mostrar a súa entrada ou bono ou quen non cumpra as normas xerais de comportamento, uso ou seguridade poderá ser expulsada das instalacións.

Artigo 9. Aforo

O número máximo de bañistas que pode permanecer de forma simultánea en cada un dos vasos estimarase en función da superficie de cada vaso en aras de preservar a comodidade dos bañistas e, en ningún caso, superando os máximos establecidos polo Código Técnico da Edificación ou normativa vixente correspondente.

Vaso pequeno (piscina infantil)

Superficie: 72 m²

Aforo máximo permitido: 36 persoas

Vaso grande (piscina de adultos)

Superficie: 300 m²

Aforo máximo permitido: 100 persoas

Artigo 10. Restricións no acceso

Permite o acceso ás instalacións de todos os cidadáns en condicións de igualdade, coas limitacións que establece o presente regulamento e aquelas que xurdan da aplicación da normativa vixente que corresponda, sen prexuízo de que o órgano xestor poida restrinxir ou suspender o acceso á instalación cando as condicións de hixiene ou seguridade así o aconsellen.

Poderase limitar o acceso á zona de baño por parte do persoal da instalación cando se supere a capacidade establecida. Do mesmo xeito poderase restrinxir o acceso ou o uso das instalacións cando as condicións meteorolóxicas sexan adversas e así o aconsellen en aras de preservar a seguridade de todos os usuarios e o persoal traballador.

Será o persoal traballador das instalacións quen deba facer as recomendacións pertinentes aos usuarios para que se cumpran todas as especificacións establecidas neste regulamento tendo potestade para expulsar do recinto a aqueles que se neguen a cumprilas.

A saída da zona de baño ha de efectuarse cando o indique o socorrista ou persoal autorizado sendo, en todo caso, a hora límite 10 minutos antes do peche das instalacións.

CAPITULO TERCEIRO

NORMAS DISCIPLINARIAS E DE SEGURIDADE

Artigo 11. Normas de uso

A fin de previr todo tipo de riscos e garantir un bo funcionamento das instalacións, posibilitando o desenvolvemento regular das actividades establécense as seguintes normas de obrigado cumprimento co obxectivo de garantir as condicións óptimas de hixiene, salubridade e seguridade no uso do servizo.

1. Atenderanse en todo momento as recomendacións e regras establecidas polo socorrista ou a persoa responsable de seguridade.
2. Deberase, en todo momento, velar polo bo uso, o mantemento e o respecto das instalacións e o seu equipamento.
3. Prohíbese a entrada á zona de baño con roupa e calzado de rúa, será obrigatorio o uso de traxe de baño. Recoméndase o uso de calzado de baño adecuado na zona de aseos, vestiarios e duchas.
4. Será obrigatorio ducharse antes de facer uso da zona de baño a fin de eliminar restos de cremas corporais ou céspede que afecten ao bo mantemento das condicións hixiénicas da auga.
5. Prohíbese abandonar desperdicios na zona de baño, na zona de praia perimetral ou nos recintos da edificación (aseos e vestiarios) así como na zona de espaxamento exterior.
6. Non permite a entrada á zona de baño ou aos servizos complementarios (aseos e vestiarios) con animais, salvo a excepción de compañía de cans guía.
7. Prohíbense os xogos violentos e/ou perigosos, en especial os empuxóns a outros usuarios, correr, zambullirse, lanzarse de cabeza, salpicar de maneira intencionada e calquera outro susceptible de causar molestia a outros usuarios.
8. O acceso ao interior dos vasos das piscinas ha de efectuarse, de maneira obrigatoria, polos lugares habilitados para iso.
9. Os menores de 12 anos han de acceder ao recinto de baño, de maneira obrigatoria, acompañados por un adulto que se responsabilice do seu comportamento e seguridade.
10. Prohíbese o consumo de comidas e bebidas na zona de baño e, en todo caso, a introdución de recipientes de vidro ou material cortante.
11. Non está permitido introducir na zona de baño mobiliario do resto das instalacións talles como mesas, cadeiras, tumbonas, antucas ou similar.
12. Está prohibido o uso de aletas, balóns, colchóns ou calquera inchable que poida molestar ao resto de usuarios.

13. Non poderán bañarse quen padeza ou poidan padecer enfermidades infecto-contaxiosas, sobre todo cutáneas.
14. Recoméndase non deixar roupa ou calquera obxecto nos vestiarios fóra dos despachos de billetes ou dos elementos dispostos a tal fin. O Concello e a empresa xestora, se a houbese, non se fan responsables dos obxectos perdidos.
15. Os despachos de billetes han de quedar baleiras no momento de peche das instalacións, aquelas que permanezan pechadas serán abertas e baleiradas polos traballadores.
16. O tempo de utilización das duchas (interiores e exteriores) ha de ser o estritamente necesario.
17. Recoméndase, en beneficio de todos os usuarios, extremar as medidas de seguridade e hixiene no uso das instalacións.
18. Prohíbese a utilización de reprodutores de música con volume excesivo ou sen auriculares.
19. Non está permitido fumar en todo o recinto, fóra da zona de terraza da cafetería.

Artigo 12. Infraccións e sancións

O incumprimento das obrigacións derivadas da condición de usuario poderá ser considerado infracción e supoñerá a expulsión do recinto e/ou a perda da condición de abonado.

O incumprimento do disposto no presente regulamento pode ser motivo de sanción, conforme ao disposto no mesmo, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poden concorrer. As infraccións se graduarán segundo a súa gravidade, a reincidencia do infractor e os prexuízos ocasionados

Independentemente da sanción procedente, se as infraccións comportasen unha rotura, deterioración ou calquera dano nas instalacións ou o seu equipamento, o infractor deberá abonar o importe dos arranxos que correspondan ou da reposición, de ser o caso.

Artigo 13. Clasificación das infraccións

As infraccións clasificaranse como:

a) Leves

Considérase infracción leve o incumprimento das normas establecidas no artigo 11 do presente regulamento cando este incumprimento non derive en infracción grave.

Considérase infracción leve o trato incorrecto a traballadores, empregados ou outros usuarios así como a desobediencia ás recomendacións do persoal encargado de seguridade ou socorrista.

Considérase infracción leve o causar danos leves de maneira involuntaria ás instalacións e/ou o seu equipamento.

b) Graves

A reiteración en ata 3 ocasións de infraccións leves nunha mesma tempada será considerada infracción grave.

Considérase infracción grave o insulto grave, reiterado e as agresións físicas a empregados da instalación ou outros usuarios.

Considérase infracción grave o causar danos graves de maneira voluntaria ás instalacións e/ou o seu equipamento.

Acceder á zona de baño sen previo pago ou adquisición do sistema habilitante correspondente será considerado grave.

c) Moi graves

A acumulación de 3 infraccións graves nunha mesma tempada terá a consideración de infracción moi grave.

Considéranse infraccións moi graves as agresións físicas a empregados da instalación ou outros usuarios que supoñan un prexuízo grave para a saúde dos agredidos.

Considérase infracción moi grave o causar danos moi graves de maneira voluntaria ás instalacións e/ou o seu equipamento.

Considéranse infraccións ás que aplicar o presente decreto aquelas non tipificables dentro da clasificación establecida pola *Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá* nese caso rexeranse polo disposto na devandita Lei.

Artigo 14. Sancións

A imposición de sancións farase conforme o procedemento establecido pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As sancións serán impostas, previo acordo, polo Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei.

As faltas leves poderán ser sancionadas coa perda da condición de usuario das instalacións por un período de 7 a 30 días ou coa imposición de multa pecuniaria de ata 300,00 € segundo a gravidade da infracción cometida.

As faltas graves poderán ser sancionadas coa perda da condición de usuario das instalacións por un período de desde 30 días ata a tempada completa ou coa imposición de multa pecuniaria de ata 1.000,00 € segundo a gravidade da infracción cometida.

As faltas moi graves poderán ser sancionadas coa perda da condición de usuario das instalacións por un período de entre unha e tres tempadas completas ou coa imposición de sanción pecuniaria de ata 3.000,00 € segundo a gravidade da infracción cometida.

Artigo 15. Suxerencias e reclamacións

Existirá nas instalacións, ao dispor dos usuarios que así o soliciten, follas de suxerencias e un Libro de Reclamacións, con follas numeradas, para poder presentar as queixas e/ou reclamacións que se estimen oportunas.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

O funcionamento dos servizos destas instalacións xestionados por empresas externas; en concreto o servizo de cafetería e o centro BTT, rexeranse polas condicións establecidas nos Pregos de Cláusulas administrativas correspondentes e, de maneira supletoria, por este regulamento.

Segunda

Este regulamento poderá ser ampliado, modificado ou rectificado, previa aprobación por parte do Concello de Outeiro de Rei, baixo causa xustificada.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

A interpretación das normas deste regulamento será competencia do Concello de Outeiro de Rei, que será o encargado de decidir as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Segunda

Este regulamento será aprobado polo pleno municipal e entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Outeiro de Rei, 18 de novembro de 2024.- O Alcalde, D. José Pardo Lombao.

R. 3706

PANTÓN

Anuncio

CONTA XERAL DO CONCELLO DE PANTÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

